


Omencer





ALUMNOS E.X.B. - SEMINARIO "STA. CATALINA" - MONDOÑEDO - (LUGO)

ANO VI - NUM. 54

Decembro - 1987

Depósito legal: LU-1.609-1982

BON NADAL



E ANINOVO 88

EXB FALAMOS CON... D. XESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN

Rotulou:

XOSE MANUEL LOPEZ HERMIDA, 8º EXB

XESUS DOMINGUEZ GUIZAN é o párroco de Begonte e tamén o Presidente do Centro cultural que leva o nome de seu irmán, do centro cultural "José Domínguez", que é onde está instalado o Belén electrónico.

En Begonte mantivemos con Xesús Domínguez a seguinte conversa:


- ¿CANTOS ANOS LEVA FUNCIONANDO O BELEN ELECTRONICO?
- Desde o ano 1972.
- ¿COMO XURDIU A IDEA?
- Meu irmán, Xosé, vira na escola de Someso, na Coruña, un Belén parecido a este e pensou na posibilidade de facelo aquí. Convocou a uns amigos e foron a Someso e accordaron poñerse á obra, pero non coa seguridade de que ia sair, pero si coa esperanza de que entre todos fosemos capaces de lograr algo parecido. O primeiro ano foi unha cousa moi sinxela e despois foise indo pouco a pouco.

- ¿COMO SOSTEÑEN ECONOMICAMENTE O BELEN?

- Vaise sostendo sobre todo a base das cuotas dos amigos do Belén e tamén do que se xunta no Nadal que é unha cantidade relativamente importante. Non se cobra nada, pero á xente ó ve-lo Belén, gústalle e deixa o seu donativo.

- ¿QUE GASTOS TEÑEN?

- O Belén ten sobre uns cincuenta motores, que áinda que son pequenos, consumen enerxía eléctrica. Ademais están os gastos que orixinan os concursos que non todos son subvencionados senón que algúns patrocínaos o mesmo Belén.



- ¿COMO CELEBRAN O NADAL EN BEGONTE?

- En Begonte o Nadal celébrase ó redor do Belén. Aquí na Igrexa non poñemo-lo nacemento. As actividades parroquiais: vilancicos, versos dos nenos, etc. todo o facemos diante do Belén. En Begonte tratamos de vivir un Nadal cristián, un Nadal que sirva para unir máis ás familias, para responsabilizarse máis da fe, para ir mellorando os costumes cristiáns.

- ¿QUE SUPON O BELEN PARA BEGONTE?

- Supón que Begonte sexa coñecido non só en Galicia, se-

nón en toda España. Begonte antes era un punto aquí na estrada N-VI. Ninguén se decataba de Begonte mentres que agora, incluso no verán, xente que pasa por aquí pregunta se se pode ve-lo Belén, que, claro nesa época non o temos en funcionamento. Tamén recibimos cartas de toda España interesándose e preguntando como funciona o Belén e tamén preguntando polos concursos. Begonte é coñecido gracias ó Belén.

- ¿COMO FAN PARA MOVE-LAS FIGURAS?

- Iso, en parte, é medio misterio. Moitas das figuras que hai son caseras, outras son xoguetes que mercamos e que desfazemos ós que procuramos poñerlles movemento. Isto non é doado de facer. As figuras que se moven poñémoslles un motor, pero logo hai que lles poñer tamén unha chea de aramios para que movan un brazo, a cabeza, etc. Os vestidos de tódalas figuras están feitos por nós. O que se encarga de facer todo isto é Varela que traballa moi ben e todo ó que lle pon man, sácao adiante.



Debuxo de:


. LOIS SANZ GIL, 7º EXB

- ¿QUE NOVEDADES PRESENTA ESTE ANO O BELEN?

- Este ano presenta a colocación do misterio en lugar distinto. Tamén os reis teñen un recorrido distinto ó que tiñan outros anos. Tamén hai dúas ou tres casas máis, feitas todas de pedra. Non é imitación da pedra senón que están feitas con pedriñas pequenas. Facer cada casa levounos perto dun mes. Como figuras novas hai unha lavandeira e un señor facendo cestos que é distinto ó que había o ano pasado.

- ¿QUE ACTOS VAN FACER ESTE ANO POLO NADAL?

- Polo Nadal imos face-los actos que son xa tradicionais e que vimos facendo tódolos anos. O domingo, día 13, tivemos o pregón que pronunciou o noso Bispo, don Xosé Gea e actuou o Orfeón da Sociedade de Obreiros de Mondariz. Para un destes días está prevista a actuación dunha rondalla de nenos de Lugo, a rondalla do colexio da Divina Pastora. Tamén actuará o Coro da parroquia de San Roque. Está ademais prevista a actuación doutro coro ou rondalla. Por outra banda témo-los concursos



Debuxo de:

ISIDRO REI VILLAPOL, 8º EXB

de poesía, de xornalismo e de debuxo infantil.

- ¿ATA CANDO VAI ESTAR ABERTO?

- Vai estar aberto ata o 31 de xaneiro. Do Nadal a Reis estará aberto tódolos días de catro a oito da tarde e os dominicos tamén estará aberto polas mañás de 10,30 a 2. Despois de Reis só estará aberto os sábados pola tarde e os domingos pola mañá e pola tarde. A clausura e a entrega de premios será o día 31 de xaneiro.

- ¿CANTA XENTE VEN VISITA-LO BELEN E DE ONDE VEÑEN?

- Por aquí pasan cada Nadal unhas trinta mil persoas da provincia de Lugo, das provincias da Coruña, Pontevedra e un pouco menos da de Ourense. Tamén veñen de Asturias e despois moita xente que pasa pola N-VI e que se deten a ve-lo Belén.


Agradecemos a don Xesús a atención que tivo ó recibirnos e contestar ás nosas preguntas. Graciñas e que o Belén siga a súa andadura.

Entrevistaron:

. JOSE M. LOPEZ HERMIDA, 8º EXB

. ISIDRO REI VILLAPOL, 8º EXB

. BENXAMIN VILLAPOL RODRIGUEZ, 8º EXB



Debuxo de: . JOSE ANTON MONTERO BARRERA, 7º EXB